

"PLAN DE ACOLLIDA DO CEIP PLURILINGÚE ALEXANDRE BÓVEDA ANTE A SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021"

ÍNDICE

- a) Contextualización.
- b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.
- f) Organización comezo de curso

a) Contextualización.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Seguindo o Plan de Adaptación do Ceip Plurilingüe Alexandre Bóveda achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

Organización das entradas:

- O **alumnado de transporte escolar** subirá co mestre/a de garda pola porta sur do edificio principal cada un a súa aula onde agarda a persoa responsable da primeira sesión.
- Na primeira quenda ás 8:45 accederá o alumnado de **1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria**.
 - **1º e 2º** accederán sós pola porta principal de acceso ao centro e farán ringleiras no patio cuberto co mestre encargado.
 - **5º e 6º** Entrarán sós ordenadamente e mantendo a distancia de seguridade pola porta do parking e accederán ao centro pola porta de emerxencia do 1º andar.
- Na segunda quenda ás 8:55 accederá o alumnado de **educación infantil e 3º e 4º de educación primaria**
 - **Educación infantil** accederán pola porta principal acompañados dunha única persoa ata o patio cuberto onde farán as ringleiras. Subirán progresivamente de 6º a 4º.
 - **3º e 4º** Entrarán sós ordenadamente e mantendo a distancia de seguridade pola porta do parking e accederán ao centro pola porta de emerxencia do 1º andar.

En todos os niveis educativos empregarán a parte dereita dos corredores e escaleiras, que estarán sinalados para establecer un sentido de circulación.

Organización das saídas:

- Na primeira quenda ás 13:35 sairá o alumnado de **1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria**.
 - **1º e 2º** sairá pola porta sur do edificio acompañado ata a porta principal de acceso ao centro pola persoa responsable da última hora. Faranse dúas ringleiras diferenciadas para entregar o alumnado respectando a distancia de seguridade.
 - **5º e 6º** sairá pola porta de emerxencia do edificio acompañado ata a porta do parking pola persoa responsable da última hora. Faranse dúas ringleiras diferenciadas respectando a distancia de seguridade.
- O **alumnado de transporte escolar** sairá ás 13:40 coa persoa de garda pola porta sur do edificio e agardarán á cuidadora de transporte na porta principal de acceso ao centro.
- Na segunda quenda ás 13:45 accederá o alumnado de **educación infantil e 3º e 4º de educación primaria**
 - **Educación infantil** sairá pola porta norte coa persoa responsable da última hora entregando a o alumnado no patio cuberto. As familias deberán entrar pola porta pequena de acceso ás 13:45.

- **3º e 4º** sairá pola porta de emerxencia do edificio acompañado ata a porta do parking pola persoa responsable da última hora. Faranse dúas ringleiras diferenciadas para entregar o alumnado respectando a distancia de seguridade.

En todos os niveis educativos empregarán a parte dereita dos corredores e escaleiras, que estarán sinalados para establecer un sentido de circulación.

Instrucións xerais:

- As familias non accederán ao recinto escolar. No caso de E.I. os nenos e nenas serán acompañados por un membro da súa familia con máscara ata o patio de acceso.
- Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto. Asemade, informarase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.
- O número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada e a saída do recinto escolar en condicións de seguridade, é case a totalidade do equipo docente segundo o seu horario lectivo.
- Señalización nos accesos ás aulas e aos espazos comúns.
- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto do persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre empregarán o espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Non se empregarán os colgadores dos pasillos, o alumnado terá o seu material(mochila e chaqueta) no seu asento da aula.
- Titorías coas familias: preferiblemente a través de vías corporativas e telemáticas co uso da aplicación CISCO WEBEX. O uso de chamadas telefónicas, dende o teléfono de centro, o envío de mensaxes a través de correo electrónico do centro ou o envío de mensaxes por ABALAR MÓBIL tamén son outras opcións. En casos excepcionais poderanse levar a cabo reunións presenciais, solicitadas por parte do titor/a ou equipo directivo, atendendo ás condicións de seguridade e utilizando espazos habilitados para tal fin. Primarase, sempre que se poida, o uso de espazos exteriores ou nas dependencias do centro que estean próximas á entrada do mesmo.

- Reunións por parte do centro educativo coa ANPA, como para a convocatoria de Claustros, CCP, Comisións e Consellos Escolares...: correo electrónico do centro, ABALAR MÓBIL e vídeo conferencias Webex.
- O alumnado (a partir do nivel de infantil) teñen a obriga de **usar máscaras durante toda a xornada lectiva** en todos os espazos do centro. Na etapa de educación infantil se recomendará o uso da máscara sempre que sexa posible
- O **profesorado**, e atendendo ao carácter exemplificante, **empregará en todo momento a máscara**.
- Normas para a realización de eventos: este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntan a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrarán actos con diferentes grupos. Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes equipos a organización deles baixo estas premisas: evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas; e facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
- Aforos: A limitación de aforo para os baños será a un usuario, e para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non. No caso da sala de mestres é de: 8.
- Recreos: manterase un horario de recreo e hora de lectura de seguido e dividirase o patio en 3 espazos para infantil e tres para primaria. Haberá dúas quendas, 4 aulas estarán en hora de lectura e 5 en patio e viceversa.
- Merendas: realizarase nos últimos minutos da 3ª sesión.
- Compromiso realización autoenquisa clínica: diariamente tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio) e firmando a principio de curso unha declaración responsable.

c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

- Corresponde a empresa de limpeza actual do centro, VALORIZA, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire.
- Creación Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as función recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021 Ceip Plurilingüe Alexandre Bóveda.
- Determinación do espazo de illamento COVID: dependencias ao carón do comedor, con saída ao exterior e ventilación adecuada. Os elementos de protección, así como as indicacións para proceder en caso de illamento aparecen recollidos no Plan.
- Medidas xerais de protección individual, rexistro e inventariado do material de protección e xestión de abrochos recollidas no Plan de Adaptación.

- Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor.
- Espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 15 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.
- As familias serán as encargadas da primeira desinfección de mans da mañá, a pesar diso ao entrar no centro en cada aula farán outra desinfección con xel hidroalcohólico.
- Incluirase no horario de aula diario os momentos de lavado e desinfección de mans e “postos de traballo” ao final das actividades, do día e tras a merenda, etc para crear hábitos e rutinas de hixiene.
- Establecer como rutina de aula a limpeza dos espazos de traballo individual por parte do alumnado ao rematar a xornada. Eles teñen a suficiente autonomía para realizar esta tarefa baixo a supervisión dunha mestra.
- Realizar a psicomotricidade e outras actividades de aula, sempre que a climatoloxía o permita, ao aire libre.
- O Equipo Docente encargado da primeira sesión pasará as aulas para abrir as fiestras e ventilar antes do inicio da xornada. Igualmente quedarán abertas durante a xornada se o tempo o permite e durante o recreo ou sempre que se realicen actividades fóra da aula.

d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- O equipo TICs será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica).

e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

O obxectivo do Ceip Plurilingüe Alexandre Bóveda segue a ser desenvolver unha aprendizaxe favorecedora da educación integral de PERSOAS, en convivencia positiva, na que a diversidade sexa eixo vertebrador, evitando todo tipo de discriminación no proceso educativo, respectando e valorando as diferenzas que existen entre as persoas que aquí conviven e que ten como base a aprendizaxe manipulativa, construtiva, cooperativa e humanística.

Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras.

Os docentes e o alumnado de primaria empregarán a máscara de xeito continuado, así mesmo recoméndase o uso da mesma no alumnado de infantil.

A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento histórico actual ademais este curso o proxecto documental integrado versará sobre a saúde.

Diariamente lembrarase, empregando a cartelería de aula, os seguintes aspectos ao alumnado: o evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, a hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

Nas entradas e saídas do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento. Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula.

Algunhas medidas para traballar hábitos saudables a nivel de grupo son as seguintes:

- Uso na dinámica de aula dos dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño) ademais de medidas de educación sanitaria.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
 - Ao esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
 - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
 - Manter a distancia física recomendada fóra da aula estable e dentro sempre que sexa posible. Empregar a máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e de como poñela e sacala de xeito lúdico e manipulativo.

f) Organización comezo do curso

- Reunión coas familias escalonada e con horario diferenciado no exterior do centro mantendo a distancia de seguridade :

infantil, 1º , 2º e 3º o luns 7 de setembro

4º, 5º e 6º o martes 8 de setembro

- Incorporación gradual do alumnado:

- Xoves 10 de setembro: alumnado 4º e 5º de educación infantil, 1º, 2º e 3º de educación primaria.

- Venres 11 de setembro: alumnado 6º de educación infantil, 4º, 5º e 6º de educación primaria.

- Período de adaptación de 4º de educación infantil

PERIODO DE ADAPTACIÓN CURSO 2020-2021 4º EDUCACIÓN INFANTIL TITORA: MARÍA GLORIA

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
			10 A 10-11:30 B 12-13:30	11 A 10-11:30 B 12-13:30
14 A 10-11:30 B 12-13:30	15 A 10-11:30 B 12-13:30	16 B 10:00-11:30 A 12-13:30	17 B 10:00-11:30 A 12-13:30	18 B 10:00-11:30 A 12-13:30
21 AB 10-13:00	22 AB 10-13:00	23 AB 10-13:00	24 AB 10-13:00	25 AB 10-13:00
28 AB 8:55-13:45	29 AB 8:55-13:45	30 AB 8:55-13:45	1 AB 8:55-13:45	2 AB 8:55-13:45

Os días marcados en laranxa todo o grupo comezará a horario completo sempre e cando a titora o estime oportuno e os grupos permanecerán eses días ata final de setembro co horario da semana anterior e comezaran a horario completo o día 1 de outubro.

Saliéntase que Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.